

# ACORDEÓN

## 2º GRAO ELEMENTAL

### PROBA DE INSTRUMENTO

Os aspirantes deberán interpretar dous obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.

- Realización de unha proba de lectura a primeira vista, proposta polo tribunal.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

**Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).**

Il micio e paretta L. Ravasio

Valssi suomusjárvelta M. Rantanen

Estudio 32 M. Rantanen

Menuet nº1 J. Guilhamat

Tchounette T. Fallone

Kreine-Spíe H. Reinbothe

Pequenas pezas G. Espitalier

### PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do 1º curso.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 6 a 8 compases. En dó maior ou

la menor, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do ditado, daráselles aos alumnos examinados, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en clave de Sol.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.

- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, os alumnos examinados disporán de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.